b) Solución: $x = 2, y = 5$

O sistema é heteroxéneo compatible determinado.



Son dúas rectas secantes.

31. Resolve polo método de Gauss, clasifica e interpreta graficamente os seguintes sistemas:

$$\left.\begin{array}{r} x + y + z = 3 \\ 2x - y + z = 2 \\ x - y + z = 1 \end{array}\right\}$$

Solución:

$x = 1, y = 1, z = 1$

O sistema é heteroxéneo compatible determinado.



Os tres planos córtanse no punto que é a solución do sistema.

32. Resolve polo método de Gauss, clasifica e interpreta graficamente os seguintes sistemas:

$$\left.\begin{array}{r} 2x + 3y - z = 3 \\ x + y - z = 2 \\ x - 2z = 3 \end{array}\right\}$$

Solución:

$x = 3 + 2z, y = -1 - z$

O sistema é heteroxéneo compatible indeterminado.

A solución, en ecuacións paramétricas, é:

$$\left.\begin{array}{l} x = 3 + 2\lambda \\ y = -1 - \lambda \\ z = \lambda \end{array}\right\} \lambda \in \mathbb{R}$$



Os planos córtanse nunha recta.

33. Resolve polo método de Gauss, clasifica e interpreta graficamente os seguintes sistemas:

$$\left.\begin{array}{r} 2x - y + 3z = 1 \\ x + 2y - z = -3 \\ x + 7y - 6z = -10 \end{array}\right\}$$

Solución:

$x = -1/5 - z, y = -7/5 + z$

A solución, en ecuacións paramétricas, é:

$$\left.\begin{array}{l} x = -1/5 - \lambda \\ y = -7/5 + \lambda \\ z = \lambda \end{array}\right\} \lambda \in \mathbb{R}$$

O sistema é heteroxéneo compatible indeterminado.



Os planos córtanse nunha recta.

34. Resolve polo método de Gauss, clasifica e interpreta graficamente os seguintes sistemas:

$$\left.\begin{array}{l} x + y + z = 3 \\ x + y - z = 3 \\ 2x + 2y = 5 \end{array}\right\}$$

Solución:

Non ten solución.

O sistema é heteroxéneo incompatible.

Os planos non teñen ningún punto en común. Córtanse dous a dous.

35. Resolve polo método de Gauss, clasifica e interpreta graficamente os seguintes sistemas:

$$\left.\begin{array}{l} 3x + y = 0 \\ 4y + z = 0 \\ 3x + 2y + z = 1 \end{array}\right\}$$

Solución:

$x = 1/9, y = -1/3$ y $z = 4/3$

O sistema é heteroxéneo compatible determinado.



Os planos córtanse nun punto que é a solución do sistema.

4. Resolución de problemas

36. Sonia mercou uns bolígrafos de 2 €, uns cadernos de 1 € e unhas caixas de 3 €. Entre bolígrafos e cadernos hai o triplo que caixas. Considerando que mercou 12 obxectos e pagou 22 €, calcula o número de bolígrafos, cadernos e caixas que mercou.

Solución:

a) **Repara:** incógnitas, datos e preguntas.

Nº de bolígrafos: x

Nº de cadernos: y

Nº de caixas: z

b) **Mans á obra:**

$$\left.\begin{array}{l} 2x + y + 3z = 22 \\ x + y = 3z \\ x + y + z = 12 \end{array}\right\} \Rightarrow x = 4, y = 5, z = 3$$

c) **Solución:**

Mercouse:

Nº de boligrafos: 4

Nº de cadernos: 5

Nº de caixas: 3

37. Calcula as idades actuais dun pai e as súas dúas fillas sabendo que hai 14 anos a idade do pai era 5 veces a suma das idades das fillas naquel momento; que dentro de 10 anos a idade do pai será a suma das idades que as fillas terán nese momento; e que cando a filla maior teña a idade actual do pai, a filla menor terá 42 anos.

Solución:

a) **Repara:** incógnitas, datos e preguntas.

	Pai	Filla 1	Filla 2
Actualmente	x	y	z
Hai 14 anos	x – 14	y – 14	z – 14
Dentro de 10 anos	x + 10	y + 10	z + 10
Dentro de x – y anos	2x – y	x	z + x – y

b) **Mans á obra:**

$$\left.\begin{array}{l} x - 14 = 5(y - 14 + z - 14) \\ x + 10 = y + 10 + z + 10 \\ z + x - y = 42 \end{array}\right\}$$

$$\left.\begin{array}{l} x - 5y - 5z = -126 \\ x - y - z = 10 \\ x - y + z = 42 \end{array}\right\} \Rightarrow x = 44, y = 18, z = 16$$

c) **Solución:**

As idades son:

Pai: 44 anos.

Filla 1: 18 anos.

Filla 2: 16 anos.

38. Un adegueiro merca viños de dúas rexións diferentes A e B. Se se mesturan dúas partes do viño da rexión A con tres partes da rexión B, cada litro custa 3,3 €. Se se mesturan tres partes do viño da rexión A con dúas partes da rexión B, cada litro desta mestura custa 3,2 €. Atopa canto lle custou ao adegueiro o litro de cada viño adquirido.

Solución:

a) **Repara:** incógnitas, datos e preguntas.

Prezo do viño de tipo A: x

Prezo do viño de tipo B: y

b) **Mans á obra:**

$$\left.\begin{array}{l}\dfrac{2x+3y}{5}=3{,}3\\ \dfrac{3x+2y}{5}=3{,}2\end{array}\right\}\Rightarrow\left.\begin{array}{l}2x+3y=16{,}5\\3x+2y=16\end{array}\right\}\Rightarrow x=3,\ y=3{,}5$$

c) **Solución:**

Prezo do viño de tipo A: 3 €

Prezo do viño de tipo B: 3,5 €

39. Un tren transporta 470 viaxeiros, e a recadación do importe dos seus billetes ascende a 4 250 €. Calcula cantos viaxeiros pagaron o importe total do billete, que ascende a 10 €, cantos pagaron o 80% do billete e cantos pagaron o 50%, sabendo que o número de viaxeiros que pagaron o 50% é a metade do número de viaxeiros que pagaron o 80%.

Solución:

a) **Repara:** incógnitas, datos e preguntas.

Viaxeiros que pagan o 100%: x

Viaxeiros que pagan o 80%: y

Viaxeiros que pagan o 50%: z

b) **Mans á obra:**

$$\left.\begin{array}{r}x+y+z=470\\10x+8y+5z=4250\\z=y/2\end{array}\right\}\Rightarrow x=320,\ y=100,\ z=50$$

c) **Solución:**

320 viaxeiros pagan o 100% do billete.

100 viaxeiros pagan o 80% do billete.

50 viaxeiros pagan o 50% do billete.

Para ampliar

40. Resolve e clasifica os seguintes sistemas:

a) $\left.\begin{array}{r}2x+y-z=-1\\x-2y+2z=2\\3x-y+2z=4\end{array}\right\}$ b) $\left.\begin{array}{r}2x-y=4\\-2x+y=-4\\x+2y=2\end{array}\right\}$

Solución:

a) x = 0, y = 2 y z = 3

O sistema é heteroxéneo compatible determinado.

b) x = 2; y = 0

O sistema é heteroxéneo compatible.

41. Resolve e clasifica os seguintes sistemas:

a) $\left.\begin{array}{r}2x+y+z=6\\x+y+2z=4\\x+y+z=1\end{array}\right\}$ b) $\left.\begin{array}{r}x-y+z=3\\2x+y-3z=1\\8x-5y+3z=19\end{array}\right\}$

Solución:

a) x = 5, y = –7, z = 3

O sistema é heteroxéneo compatible determinado.

b) $x=\dfrac{2z+4}{3},\ y=\dfrac{5z-5}{3}$

A solución, en ecuacións paramétricas, é:

$$\left.\begin{array}{l}x=\dfrac{2(\lambda+2)}{3}\\ y=\dfrac{5(\lambda-1)}{3}\\ z=\lambda\end{array}\right\}\ \lambda\in\mathbb{R}$$

O sistema é heteroxéneo compatible indeterminado.

42. Resolve e clasifica o seguinte sistema para o seguinte valor: m = 3

$$\left.\begin{array}{r}2x+y-z=2\\x+y+2z=5\\-x+(m+2)z=3\end{array}\right\}$$

Solución:

x = –3, y = 8, z = 0

O sistema é heteroxéneo compatible determinado.

43. Resolve e clasifica o sistema para os seguintes valores de a:

a) a = –1 b) a = 2

$$\left.\begin{array}{r}x-y=2\\ax+y+2z=0\\x-y+az=1\end{array}\right\}$$

Solución:

a) Solución: $x = 2 + y, z = 1$

A solución, en ecuacións paramétricas, é:

$$\left.\begin{array}{l} x = 2 + \lambda \\ y = \lambda \\ z = 1 \end{array}\right\} \lambda \in \mathbb{R}$$

O sistema é heteroxéneo compatible indeterminado.

b) Solución: $x = 1, y = -1, z = -1/2$

O sistema é heteroxéneo compatible determinado.

44. Discute os seguintes sistemas e clasifícaos:

a) $\left.\begin{array}{r} -3x + y + 4z = 1 \\ -x - 3y - 2z = 1 \\ y + z = -3 \end{array}\right\}$ b) $\left.\begin{array}{r} x + y + 5z = 0 \\ 2x - 3y = 0 \\ x - y + z = 0 \end{array}\right\}$

Solución:

a) Non ten solución.

O sistema é heteroxéneo incompatible.

b) Solución: $x = -3z, y = -2z$

A solución, en ecuacións paramétricas, é:

$$\left.\begin{array}{l} x = -3\lambda \\ y = -2\lambda \\ z = \lambda \end{array}\right\} \lambda \in \mathbb{R}$$

O sistema é homoxéneo compatible indeterminado.

45. Discute o sistema e clasifícao para os seguintes valores de λ:

a) $\lambda = 2$ b) $\lambda = -1$

$$\left.\begin{array}{r} -x + \lambda y + 2z = \lambda \\ 2x + \lambda y - z = 2 \\ \lambda x - y + 2z = \lambda \end{array}\right\}$$

Solución:

a) Solución: $x = 2/3, y = 2/3, z = 2/3$

O sistema é heteroxéneo compatible determinado.

b) Solución: $x = 1 + z, y = z$

A solución, en ecuacións paramétricas, é:

$$\left.\begin{array}{l} x = 1 + \lambda \\ y = \lambda \\ z = \lambda \end{array}\right\} \lambda \in \mathbb{R}$$

O sistema é heteroxéneo compatible indeterminado.

46. Discute os seguintes sistemas e clasifícaos:

a) $\left.\begin{array}{r} x - y = 3 \\ x + 9z = 7 \\ x - y + 6z = 6 \end{array}\right\}$ b) $\left.\begin{array}{r} 2x + y - z = -1 \\ x - 2y + 2z = 1 \\ 3x - y + z = 4 \end{array}\right\}$

Solución:

a) Solución: $x = 5/2, y = -1/2, z = 1/2$

O sistema é heteroxéneo compatible determinado.

b) Non ten solución.

O sistema é heteroxéneo incompatible.

47. Resolve por Gauss, clasifica e interpreta graficamente os seguintes sistemas:

a) $\left.\begin{array}{r} x + 2y - z = 1 \\ -y + z = 0 \\ x + z = 1 \end{array}\right\}$ b) $\left.\begin{array}{r} x - y + z = 6 \\ x + y = -7 \\ x + y + 2z = 11 \end{array}\right\}$

Solución:

a) Solución: $x = 1 - z, y = z$

A solución, en ecuacións paramétricas, é:

$$\left.\begin{array}{l} x = 1 - \lambda \\ y = \lambda \\ z = \lambda \end{array}\right\} \lambda \in \mathbb{R}$$

O sistema é heteroxéneo compatible indeterminado.

b) Solución: $x = -5, y = -2, z = 9$

O sistema é heteroxéneo compatible determinado.

48. Discute o seguinte sistema e clasifícao para os valores de λ:

a) $\lambda = 0$ b) $\lambda = 3$

$$\left.\begin{array}{r} y + z = 1 \\ (\lambda - 1)x + y + z = \lambda \\ x + (\lambda - 1)y - z = 0 \end{array}\right\}$$

Solución:

a) Solución: $x = 1, y = 1 - z$

A solución, en ecuacións paramétricas, é:

$$\left.\begin{array}{l} x = 1 \\ y = 1 - \lambda \\ z = \lambda \end{array}\right\} \lambda \in \mathbb{R}$$

O sistema é heteroxéneo compatible indeterminado.

b) Solución: $x = 1, y = 0, z = 1$

O sistema é heteroxéneo compatible determinado.

49. Discute o seguinte sistema e clasifícao para $a = 2$:

$$\left.\begin{array}{r} ax + 2y + 6z = 0 \\ 2x + ay + 4z = 2 \\ 2x + ay + 6z = a - 2 \end{array}\right\}$$

Solución:

$x = 3 - y,\ z = -1$

A solución, en ecuacións paramétricas, é:

A solución, en ecuacións paramétricas, é:

$$\left.\begin{array}{l} x = 3 - \lambda \\ y = \lambda \\ z = -1 \end{array}\right\} \lambda \in \mathbb{R}$$

O sistema é heteroxéneo compatible indeterminado.

50. Discute os seguintes sistemas e clasifícaos:

a) $\left.\begin{array}{r} -x - y \quad = 0 \\ 3x + 2y \quad = 0 \\ y + z = 0 \end{array}\right\}$ b) $\left.\begin{array}{r} 3x - y \quad = 0 \\ 3x + 4y \quad = 0 \\ y + 4z = 0 \end{array}\right\}$

Solución:

a) $x = 0, y = 0, z = 0$

O sistema é homoxéneo compatible determinado.

b) $x = 0, y = 0, z = 0$

O sistema é homoxéneo compatible determinado.

51. Discute o seguinte sistema e clasifícao para os valores de a:

a) $a = -1$ b) $a = 1$

$$\left.\begin{array}{r} (a + 1)x + 2y + z = a + 3 \\ ax + y \quad = \quad a \\ ax + 3y + z = a + 2 \end{array}\right\}$$

Solución:

a) Solución: $x = \dfrac{4 - z}{2}, y = \dfrac{2 - z}{2}$

A solución, en ecuacións paramétricas, é:

$$\left.\begin{array}{l} x = \dfrac{4 - \lambda}{2} \\ y = \dfrac{2 - \lambda}{2} \\ z = \lambda \end{array}\right\} \lambda \in \mathbb{R}$$

O sistema é heteroxéneo compatible indeterminado.

b) Solución: $x = 1, y = 0, z = 2$

O sistema é heteroxéneo compatible determinado.

Problemas

52. Xan mercou 4 entradas de adulto e 6 de neno por 56 €, e Sara aboou 48 € por 5 entradas de adulto e 2 de neno. Canto valen as entradas de adulto e de neno?

Solución:

a) **Repara:** incógnitas, datos e preguntas.

Prezo entrada adulto: x

Prezo entrada neno: y

b) **Mans á obra:**

$$\left.\begin{array}{l} 4x + 6y = 56 \\ 5x + 2y = 48 \end{array}\right\} \Rightarrow x = 8, y = 4$$

c) **Solución:**

O prezo da entrada de adulto é 8 €.

O prezo da entrada de neno é 4 €.

53. Un hipermercado inicia unha campaña de ofertas. Na primeira delas desconta un 4% nun certo produto A, un 6% no produto B e un 5% no produto C. Ás dúas semanas pon en marcha a segunda oferta, descontando un 8% sobre o prezo inicial de A, un 10% sobre o prezo inicial de B e un 6% sobre o prezo inicial de C.

Sábese que se un cliente merca durante a primeira oferta un produto A, dous B e tres C, aforra 16 € respecto do prezo inicial; se merca na segunda oferta tres produtos A, un B e cinco C, o aforro é de 29 €; e se merca un produto A, un B e un C, sen ningún tipo de desconto, debe aboar 135 €.

Calcula o prezo de cada produto antes das ofertas.

Solución:

a) **Repara:** incógnitas, datos e preguntas.

Prezo do produto A: x

Prezo do produto B: y

Prezo do produto C: z

b) **Mans á obra:**

$$\left.\begin{array}{r} 0{,}04x + 0{,}12y + 0{,}15z = 16 \\ 0{,}24x + 0{,}1y + 0{,}3z = 29 \\ x + y + z = 135 \end{array}\right\}$$

$x = 25, y = 50, z = 60$

c) **Solución:**

Prezo do produto A é 25 €.

Prezo do produto B é 50 €.

Prezo do produto C é 60 €.

54. Un cliente gastou 90 € na compra de 12 artigos entre discos, libros e carpetas nunha tenda. Cada disco custoulle 12 €; cada libro, 9 €; e cada carpeta, 3 €. Sábese que entre discos e carpetas hai o triplo que de libros. Calcula cantos artigos mercou de cada tipo.

Solución:

a) **Repara:** incógnitas, datos e preguntas.

Nº de discos: x

Nº de libros: y

Nº de carpetas: z

b) **Mans á obra:**

$$\left.\begin{array}{r} x + y + z = 12 \\ 12x + 9y + 3z = 90 \\ x + z = 3y \end{array}\right\} \Rightarrow x = 4, y = 3, z = 5$$

c) **Solución:**

Nº de discos: 4

Nº de libros: 3

Nº de carpetas: 5

55. Nunha competición deportiva celebrada nun centro escolar participaron 50 atletas distribuídos, segundo a idade, en tres categorías: infantís, cadetes e xuvenís. O dobre do número de atletas infantís, por unha parte, excede nunha unidade o número de atletas cadetes e, por outra parte, coincide co quíntuplo do número de atletas xuvenís. Determina o número de atletas que houbo en cada categoría.

Solución:

a) **Repara:** incógnitas, datos e preguntas.

Nº de atletas infantís: x

Nº de atletas cadetes: y

Nº de atletas xuvenís: z

b) **Mans á obra:**

$$\left.\begin{array}{l} x + y + z = 50 \\ 2x = y + 1 \\ 2x = 5z \end{array}\right\} \Rightarrow x = 15, y = 29, z = 6$$

c) **Solución:**

Nº de atletas infantís: 15

Nº de atletas cadetes: 29

Nº de atletas xuvenís: 6

56. Unha empresa desexa dispor de diñeiro en efectivo en euros, dólares e libras esterlinas. O valor total entre as tres moedas ha ser igual a 264 000 €. Quérese que o valor do diñeiro dispoñible en euros sexa o dobre do valor do diñeiro en dólares, e que o valor do diñeiro en libras esterlinas sexa a décima parte do valor do diñeiro en euros. Se se supón que unha libra esterlina é igual a 1,5 € e un dólar é igual a 1,1 €, cal é a cantidade de euros, dólares e libras esterlinas que a empresa deberá ter dispoñible?

Solución:

a) **Repara:** incógnitas, datos e preguntas.

Cantidade de diñeiro en euros: x

Cantidade de diñeiro en libras: y

Cantidade de diñeiro en dólares: z

b) **Mans á obra:**

$$\left.\begin{array}{l} x + 1{,}5y + 1{,}1z = 264\,000 \\ x = 2{,}2z \\ 1{,}5y = x/10 \end{array}\right\}$$

$$\left.\begin{array}{l} x + 1{,}5y + 1{,}1z = 264\,000 \\ x \qquad - 2{,}2z = 0 \\ x - 15y \qquad = 0 \end{array}\right\}$$

$x = 165\,000, y = 11\,000, z = 75\,000$

c) **Solución:**

Cantidade de diñeiro en euros: 165 000

Cantidade de diñeiro en libras: 11 000

Cantidade de diñeiro en dólares: 75 000

57. Unha tenda ten tres tipos de conservas, A, B e C. O prezo medio das tres conservas é de 1 €. Un cliente merca 30 unidades de A, 20 de B e 10 de C, e aboa 58 €. Outro merca 20 unidades de A e 30 de C, e aboa 51 €. Calcula o prezo de cada unidade de A, B e C.

Solución:

a) **Repara:** incógnitas, datos e preguntas.

Prezo da conserva A: x

Prezo da conserva B: y

Prezo da conserva C: z

b) **Mans á obra:**

$$\left.\begin{array}{r} x + y + z = 3 \\ 30x + 20y + 10z = 58 \\ 20x + 30z = 51 \end{array}\right\} \Rightarrow x = 0{,}9;\ y = 1;\ z = 1{,}1$$

c) **Solución:**

Prezo da conserva A: 0,9 €

Prezo da conserva B: 1 €

Prezo da conserva C: 1,1 €

58. Unha xeadaría prepara xeados de tres tamaños; 125 gramos, 250 gramos e 500 gramos cuxos prezos son 1 €, 2 € e 3 €, respectivamente. Un cliente merca 10 xeados, cun peso total de 2,5 kg, e paga por eles 18 €.

Atopa o número de xeados que mercou de cada un dos tipos.

Solución:

a) **Repara:** incógnitas, datos e preguntas.

Nº de xeados de 125 gramos: x

Nº de xeados de 250 gramos: y

Nº de xeados de 500 gramos: z

b) **Mans á obra:**

$$\left.\begin{array}{l} 125x + 250y + 500z = 2\,500 \\ x + y + z = 10 \\ x + 2y + 3z = 18 \end{array}\right\} \Rightarrow x = 4, y = 4, z = 2$$

c) **Solución:**

Nº de xeados de 125 gramos: 4

Nº de xeados de 250 gramos: 4

Nº de xeados de 500 gramos: 2

59. Unha editorial vai lanzar ao mercado tres libros de peto, L1, L2 e L3. O importe total da edición é 24 500 €. Os custos en euros, por unidade, son 5 €, 3 € e 4 €, respectivamente. Sábese que o número de exemplares de L3 é igual aos dous sétimos dos do tipo L2, e que se ao triplo do número de exemplares de L1 se lle suma o número de exemplares de L3, obtense o dobre de exemplares de L2.

Indaga cantos libros se editaron de cada tipo.

Solución:

a) **Repara:** incógnitas, datos e preguntas.

Nº de libros L1: x

Nº de libros L2: y

Nº de libros L3: z

b) **Mans á obra:**

$$\left.\begin{array}{l} 5x + 3y + 4z = 24\,500 \\ z = 2y/7 \\ 3x + z = 2y \end{array}\right\}$$

$x = 2\,000, y = 3\,500, z = 1\,000$

c) **Solución:**

Nº de libros L1: 2 000

Nº de libros L2: 3 500

Nº de libros L3: 1 000

60. Nunha reunión hai 60 persoas entre deportistas, artistas e ensinantes. Sábese que os ensinantes e os artistas duplican o número de deportistas. Tamén se sabe que os deportistas e o dobre dos artistas son o dobre dos ensinantes.

Cal é o número de persoas deportistas, artistas e ensinantes?

Solución:

a) **Repara:** incógnitas, datos e preguntas.

Nº de deportistas: x

Nº de artistas: y

Nº de ensinantes: z

b) **Mans á obra:**

$$\left.\begin{array}{l} x + y + z = 60 \\ y + z = 2x \\ x + 2y = 2z \end{array}\right\} \Rightarrow x = 20, y = 15, z = 25$$

c) **Solución:**

Nº de deportistas: 20

Nº de artistas: 15

Nº de ensinantes: 25

61. O señor Pereira déixalles en herdanza aos seus fillos todo o seu diñeiro, coas seguintes condicións: ao maior déixalle a media da cantidade que lles deixa aos outros dous máis 30 000 euros; ao mediano, exactamente a media da cantidade dos outros dous; e ao pequeno, a media da cantidade dos outros dous menos 30 000 euros.

Coñecendo unicamente estas condicións, poden saber os fillos canto diñeiro herdou cada un? Xustifica a túa resposta.

Solución:

a) **Repara:** incógnitas, datos e preguntas.

Cantidade do fillo maior: x

Cantidade do fillo mediano: y

Cantidade do fillo pequeno: z

b) **Mans á obra:**

$$\left.\begin{array}{l} x = \dfrac{y + z}{2} + 30\,000 \\ y = \dfrac{x + z}{2} \\ z = \dfrac{x + y}{2} - 30\,000 \end{array}\right\}$$

$$\left.\begin{array}{l} 2x - y - z = 60\,000 \\ -x + 2y - z = 0 \\ -x - y + 2z = -60\,000 \end{array}\right\} \Rightarrow \left.\begin{array}{l} x - z = 40\,000 \\ y - z = 20\,000 \end{array}\right\}$$

c) **Solución:**

O sistema é compatible indeterminado. Non se pode saber a cantidade que lle corresponde a cada fillo.

Para profundar

62. Resolve e clasifica o seguinte sistema:

$$\left.\begin{array}{r} x \quad\;\; + z = 11 \\ x + y \quad\;\; = \;\, 3 \\ y + z = 13 \\ x + y + z = 13 \end{array}\right\}$$

Solución:

Non ten solución.

O sistema é heteroxéneo incompatible.

63. Discute o seguinte sistema e clasifícao:

$$\left.\begin{array}{r} x - 2y - 2z + \;\; t = \;\; 4 \\ x + \;\; y + \;\; z - \;\; t = \;\; 5 \\ x - \;\; y - \;\; z + \;\; t = \;\; 6 \\ 6x - 3y - 3z + 2t = 32 \end{array}\right\}$$

Solución:

$x = 11/2, y = 2 - z, t = 5/2$

A solución, en ecuacións paramétricas, é:

$$\left.\begin{array}{l} x = 11/2 \\ y = 2 - \lambda \\ z = \lambda \\ t = 5/2 \end{array}\right\} \lambda \in \mathbb{R}$$

O sistema é heteroxéneo compatible indeterminado.

64. Resolve e clasifica o sistema para os seguintes valores de m:

a) $m = -3$ b) $m = 1$

$$\left.\begin{array}{r} x + \;\; y + \;\; z = m \\ x + \;\; y + mz = 1 \\ x + my + \;\; z = 1 \\ mx + \;\; y + \;\; z = 1 \end{array}\right\}$$

Solución:

a) Solución: $x = -1, y = -1, z = -1$

O sistema é heteroxéneo compatible determinado.

b) Solución: $x + y + z = 1$

A solución, en ecuacións paramétricas, é:

$$\left.\begin{array}{l} x = 1 - \lambda - \mu \\ y = \lambda \\ z = \mu \end{array}\right\} \lambda, \mu \in \mathbb{R}$$

O sistema é heteroxéneo compatible indeterminado.

65. Un comerciante vendeu 600 camisetas por un total de 5 320 €. O prezo orixinal era de 10 € por camiseta, pero vendeu nas rebaixas unha parte delas cun desconto do 30% do prezo orixinal, e outra parte cun desconto do 40%. Sabendo que o número total de camisetas rebaixadas foi a metade do número das que vendeu a 10 €, calcula cantas camisetas se venderon a cada prezo.

Solución:

a) **Repara:** incógnitas, datos e preguntas.

Nº de camisetas sen desconto: x

Nº de camisetas co 30%: y

Nº de camisetas co 40%: z

b) **Mans á obra:**

$$\left.\begin{array}{r} x + \;\; y + \;\; z = \;\; 600 \\ 10x + 7y + 6z = 5\,320 \\ y + \;\; z = x/2 \end{array}\right\}$$

$$\left.\begin{array}{r} x + \;\; y + \;\; z = \;\; 600 \\ 10x + 7y + 6z = 5\,320 \\ -x + 2y + 2z = \quad\;\; 0 \end{array}\right\}$$

$x = 400, y = 120, z = 80$

c) **Solución:**

Nº de camisetas vendidas sen desconto: 400

Nº de camisetas vendidas co 30%: 120

Nº de camisetas vendidas co 40%: 80

66. Unha compañía fabricou tres tipos de mobles: cadeiras, mexedores e sofás. Para a fabricación destes tipos, necesitouse a utilización de unidades de madeira, plástico e aluminio, tal e como se indica na seguinte táboa:

	Madeira	Plástico	Aluminio
Cadeira	1 unidade	1 unidade	2 unidades
Mexedor	1 unidade	1 unidade	3 unidades
Sofá	1 unidade	2 unidades	5 unidades

A compañía tiña en existencia 400 unidades de madeira, 600 unidades de plástico e 1 500 unidades de aluminio.

Se a compañía utilizou todas as súas existencias, cantas cadeiras, mexedores e sofás fabricou?

Solución:

a) **Repara:** incógnitas, datos e preguntas.

Nº de cadeiras: x

Nº de mexedores: y

Nº de sofás: z

b) **Mans á obra:**

$$\left.\begin{array}{r} x + y + z = 400 \\ x + y + 2z = 600 \\ 2x + 3y + 5z = 1\,500 \end{array}\right\}$$

$x = 100, y = 100, z = 200$

c) **Solución:**

Nº de cadeiras: 100

Nº de mexedores: 100

Nº de sofás: 200

67. Un banco investiu 2 millóns de euros en tres empresas diferentes, A, B e C. O que investiu en A era o dobre do que investiu en B. Ao cabo dun ano, a rendibilidade da operación foi do 10%. As accións da empresa A aumentaron o seu valor nun 10%, e as de B, nun 30%. Se as accións da empresa C perderon un 10% do seu valor, calcula que cantidade se investiu en cada unha das empresas.

Solución:

a) **Repara:** incógnitas, datos e preguntas.

Cantidade investida en A: x

Cantidade investida en B: y

Cantidade investida en C: z

b) **Mans á obra:**

$$\left.\begin{array}{r} x + y + z = 2\,000\,000 \\ x = 2y \\ 0{,}1x + 0{,}3y - 0{,}1z = 200\,000 \end{array}\right\}$$

$x = 1\,000\,000, y = 500\,000, z = 500\,000$

c) **Solución:**

Cantidade investida en A: 1 000 000 €

Cantidade investida en B: 500 000 €

Cantidade investida en C: 500 000 €

68. Nunha libraría houbo a semana pasada unha promoción de tres libros: unha novela, un libro de poesía e un conto. Vendéronse 200 exemplares da novela, 100 de poesía e 150 de contos. Sabendo que a libraría ingresou por esta promoción 8 600 €, que o prezo dun exemplar de novela é o dobre do prezo dun conto e que o triplo da diferenza entre o prezo do exemplar de poesía e o do conto é igual ao prezo dunha novela, calcula o prezo ao que se vendeu cada libro.

Solución:

a) **Repara:** incógnitas, datos e preguntas.

Prezo do libro de novela: x

Prezo do libro de poesía: y

Prezo do libro de conto: z

b) **Mans á obra:**

$$\left.\begin{array}{l} 200x + 100y + 150z = 8\,600 \\ x = 2z \\ 3(y - z) = x \end{array}\right\}$$

$x = 24, y = 20, z = 12$

c) **Solución:**

Prezo do libro de novela: 24 €

Prezo do libro de poesía: 20 €

Prezo do libro de conto: 12 €

Paso a paso

69. Resolve o sistema seguinte. Clasifícao e interprétao graficamente:

$$\left.\begin{aligned} x + 2y &= 3 \\ 4x + y &= -2 \end{aligned}\right\}$$

Solución:
Resolto no libro do alumnado.

70. Resolve o sistema seguinte. Clasifícao e interprétao graficamente:

$$\left.\begin{aligned} x - y + z &= 2 \\ x + y - 3z &= 4 \\ 3x - y - z &= -3 \end{aligned}\right\}$$

Solución:
Resolto no libro do alumnado.

Formula o seguinte problema e resólveo coa axuda de Wiris ou DERIVE:

71. Atopa dous números cuxa suma sexa 35 e sexan proporcionais a 2 e 3.

Solución:
Resolto no libro do alumnado.

72. **Internet**. Abre: **www.xerais.es** e elixe **Matemáticas**, **curso** e **tema**.

Practica

Resolve alxebricamente os seguintes sistemas e, á vista do resultado, clasifícaos:

73. $\left.\begin{aligned} 2x - y &= 3 \\ 4x + y &= 3 \end{aligned}\right\}$

Solución:

Exercicio 73

$\text{resolver}\begin{Bmatrix} 2x - y = 3 \\ 4x + y = 3 \end{Bmatrix} \rightarrow \{\{x=1, y=-1\}\}$

O sistema é heteroxéneo compatible determinado.

74. $\left.\begin{aligned} 3x + y &= 4 \\ 3x + y &= 2 \end{aligned}\right\}$

Solución:

Exercicio 74

$\text{resolver}\begin{Bmatrix} 3x + y = 4 \\ 3x + y = 2 \end{Bmatrix} \rightarrow \{\square\}$

O sistema é heteroxéneo incompatible.

75 $\left.\begin{aligned} 2x - y &= 3 \\ -6x + 3y &= -9 \end{aligned}\right\}$

Solución:

Exercicio 75

$\text{resolver}\begin{Bmatrix} 2x - y = 3 \\ -6x + 3y = -9 \end{Bmatrix} \rightarrow \left\{\left[x=\frac{1}{2}\cdot y+\frac{3}{2}, y=y\right]\right\}$

$\text{resolver}\left(\begin{Bmatrix} 2x - y = 3 \\ -6x + 3y = -9 \end{Bmatrix}, \{y\}\right) \rightarrow \{\{y=2\cdot x-3\}\}$

O sistema é heteroxéneo compatible indeterminado.

76. $\left.\begin{aligned} 3x + y - z &= 8 \\ x + 2y + z &= 9 \\ 2x - y + 3z &= 4 \end{aligned}\right\}$

Solución:

Exercicio 76

$\text{resolver}\begin{Bmatrix} 3x + y - z = 8 \\ x + 2y + z = 9 \\ 2x - y + 3z = 4 \end{Bmatrix} \rightarrow \{\{x=2, y=3, z=1\}\}$

O sistema é heteroxéneo compatible determinado.

77. $\left.\begin{aligned} x + y - z &= 0 \\ 4x + 2y - 3z &= 0 \\ 3x + 5y - 4z &= 0 \end{aligned}\right\}$

Solución:

Exercicio 77

$\text{resolver}\begin{Bmatrix} x + y - z = 0 \\ 4x + 2y - 3z = 0 \\ 3x + 5y - 4z = 0 \end{Bmatrix} \rightarrow \left\{\left[x=\frac{1}{2}\cdot z, y=\frac{1}{2}\cdot z, z=z\right]\right\}$

O sistema é heteroxéneo compatible indeterminado.

78. $\left.\begin{aligned} x + y + z &= 1 \\ 3x + 5y - z &= 8 \\ x + 2y - z &= 2 \end{aligned}\right\}$

Solución:

Exercicio 78

$\text{resolver}\begin{Bmatrix} x + y + z = 1 \\ 3x + 5y - z = 8 \\ x + 2y - z = 2 \end{Bmatrix} \rightarrow \{\square\}$

O sistema é heteroxéneo incompatible.

Resolve os sistemas seguintes. Clasifícaos e interprétaos graficamente:

79. $\left.\begin{aligned} x - y &= -4 \\ 2x + y &= 1 \end{aligned}\right\}$

Solución:

Exercicio 79

resolver$\begin{Bmatrix} x - y = -4 \\ 2x + y = 1 \end{Bmatrix} \rightarrow \{\{x=-1, y=3\}\}$

O sistema é heteroxéneo compatible determinado.

debuxar(x − y = −4, {cor = vermello, anchura_liña = 2})

debuxar(2x + y = 1, {cor = azul, anchura_liña = 2})

As dúas rectas son secantes.



80. $\left.\begin{aligned} x - 2y &= 2 \\ x - 2y &= -2 \end{aligned}\right\}$

Solución:

Exercicio 80

resolver$\begin{Bmatrix} x - 2y = 2 \\ x - 2y = -2 \end{Bmatrix} \rightarrow \{\square\}$

O sistema é heteroxéneo incompatible.

debuxar(x − 2y = 2, {cor = vermello, anchura_liña = 2})

debuxar(x − 2y = −2, {cor = azul, anchura_liña = 2})

As dúas rectas son paralelas.



81. $\left.\begin{aligned} x + 2y &= 2 \\ 2x + 4y &= 4 \end{aligned}\right\}$

Solución:

Exercicio 81

resolver$\begin{Bmatrix} x + 2y = 2 \\ 2x + 4y = 4 \end{Bmatrix} \rightarrow \{\{x=-2\cdot y+2, y=y\}\}$

O sistema é heteroxéneo compatible indeterminado.

debuxar(x + 2y = 2, {cor = vermello, anchura_liña = 2})

debuxar(2x + 4y = 4, {cor = azul, anchura_liña = 2})

As dúas rectas son coincidentes.



82. $\left.\begin{aligned} x + y + z &= 3 \\ 2x - y + z &= 2 \\ x - y + z &= 1 \end{aligned}\right\}$

Solución:

Exercicio 82

resolver $\left\{\begin{matrix} x + y + z = 3 \\ 2x - y + z = 2 \\ x - y + z = 1 \end{matrix}\right\} \rightarrow$ {{x=1,y=1,z=1}}

O sistema é heteroxéneo compatible.

debuxar3d(x + y + z = 3, {cor = azul})

debuxar3d(2x − y + z = 2, {cor = verde})

debuxar3d(x − y + z = 1, {cor = amarelo})

Os tres planos córtanse no punto P(1, 1, 1)

debuxar3d(punto(1, 1, 1), {cor = vermello, tamaño_punto =



83. $\left.\begin{aligned} 2x - y + z &= 3 \\ 8x - 4y + 4z &= 12 \\ -6x + 3y - 3z &= -9 \end{aligned}\right\}$

Solución:

Exercicio 83

resolver $\left\{\begin{matrix} 2x - y + z = 3 \\ 8x - 4y + 4z = 12 \\ -6x + 3y - 3z = -9 \end{matrix}\right\} \rightarrow \left\{\left\{x=-\frac{1}{2}\cdot z+\frac{1}{2}\cdot y+\frac{3}{2}, y=y, z=z\right\}\right\}$

O sistema é heteroxéneo compatible indeterminado.

debuxar3d(2x − y + z = 3, {cor = vermello})

debuxar3d(8x − 4y + 4z = 12, {cor = azul})

debuxar3d(−6x + 3y − 3z = −9, {cor = verde})

Os tres planos son coincidentes.



84. $\left.\begin{aligned} -5x + 2y - 2z &= 7 \\ x + 2y + z &= 3 \\ 5x - 2y + 2z &= 8 \end{aligned}\right\}$

Solución:

Exercicio 84

resolver $\left\{\begin{matrix} -5x + 2y - 2z = 7 \\ x + 2y + z = 3 \\ 5x - 2y + 2z = 8 \end{matrix}\right\} \rightarrow \{\square\}$

O sistema é heteroxéneo incompatible.

debuxar3d(−5x + 2y − 2z = 7, {cor = vermello})

debuxar3d(x + 2y + z = 3, {cor = azul})

debuxar3d(5x − 2y + 2z = 8, {cor = verde})

Dous planos son paralelos e o outro é secante.



Formula os seguintes problemas e resólveos coa axuda de Wiris ou DERIVE:

85. Mercamos un disco, un libro e unha axenda. O prezo do libro é o dobre do prezo do disco, e tamén é o triplo da diferenza do prezo da axenda e o disco. Considerando que pagamos 140 €, calcula os prezos dos tres artigos.

Solución:

Problema 85
Formulación :
Prezo do disco : x
Prezo do libro : y
Prezo da axenda : z

$$\text{resolver}\begin{bmatrix} y=2x \\ y=3(z-x) \\ x+y+z=140 \end{bmatrix} \rightarrow \{\{x=30, y=60, z=50\}\}$$

O disco custa 30 €, o libro 60 € e a axenda 50 €.

86. O caixeiro automático dunha determinada entidade bancaria só admite billetes de 50 €, 20 € e 10 €. Os venres depositan no caixeiro 225 billetes por un importe total de 7 000 €. Calcula o número de billetes de cada valor depositado, se se sabe que a suma do número de billetes de 50 € e de 10 € é o dobre do número de billetes de 20 €.

Solución:

Problema 86
Formulación :
Nº de billetes de 50 € : x
Nº de billetes de 20 € : y
Nº de billetes de 10 € : z

$$\text{resolver}\begin{bmatrix} x+y+z=225 \\ 50x+20y+10z=7000 \\ x+z=2y \end{bmatrix} \rightarrow \{\{x=100, y=75, z=50\}\}$$

Hai 100 billetes de 50 €, 75 de 20 € e 50 de 10 €.

87. Nun teatro, hai localidades de tres clases, A, B e C, cuxos prezos son 3 €, 6 € e 12 €, respectivamente. Certo día, a recadación total foi de 6 600 €. Se se sabe, ademais, que da clase A se venderon tantas localidades como das clases B e C xuntas, e que da B se vendeu o dobre que da C, cantas localidades de cada clase se venderon ese día?

Solución:

Problema 87
Formulación :
Nº de localidades do tipo A : x
Nº de localidades do tipo B : y
Nº de localidades do tipo C : z

$$\text{resolver}\begin{bmatrix} 3x+6y+12z=6600 \\ x=y+z \\ y=2z \end{bmatrix} \rightarrow \{\{x=600, y=400, z=200\}\}$$

Vendéronse 600 localidades do tipo A, 400 do tipo B e 200 do tipo C.